

## 1. OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

A innovación e a evolución tecnolóxica na empresa son aspectos condicionantes no seu desenvolvemento, por eso as **"XORNADAS DE EXPERIENCIAS E NEGOCIO EN SOFTWARE LIBRE"** pretenden plantexar as experiencias nas súas aplicacións e os puntos clave para lograr unha eficaz estratexia empresarial, co apoio e boa utilización das Novas Tecnoloxías.

O obxectivo principal destas xornadas é analizar os puntos clave para que os novos empresarios/as e persoal das Peme en xeral logren acadar unha eficaz estratexia empresarial, apoiándose nas novas tecnoloxías, dispoñendo tamén da información necesaria sobre as vantaxes que lles pode reportar a aplicación do Software libre como ferramenta de mellora competitiva ou incluso como unha posibilidade máis de negocio.

Ademais as actuacións que levarán a cabo no ámbito das XORNADAS DE EXPERIENCIAS E NEGOCIO EN SOFTWARE LIBRE, terán un carácter eminentemente práctico e demostrativo sobre as vantaxes, beneficios, aplicacións, medidas de control e seguridade e rendibilidade que o Software Libre ten para as pequenas e medianas empresas galegas.

## 2. PÚBLICO OBXECTIVO

As “XORNADAS DE EXPERIENCIAS E NEGOCIO EN SOFTWARE LIBRE” están dirixidas ao público en xeral, especialmente aquelas persoas que aínda non se atreveron a achegarse a estas tecnoloxías e descoñecen os beneficios que poden achegar á boa marcha da súa empresa, á súa vida profesional, laboral e persoal, con especial referencia a:

- Empresarios/as o emprendedores e persoal das Pemes Galegas
- Persoas e/ou entidades que en breve vaian a implantar as tecnoloxías da Sociedade da información e comunicación na empresa ou que simplemente estean interesados en coñecer as posibilidades que ofrece o Software libre como novo medio do cal sacar unha vantaxe competitiva interesante e con perspectivas de futuro.

## 3. CALENDARIO ESTIMADO DE EXECUCIÓN

O calendario estimado de execución do proxecto é na **última semana de outubro de 2009**. O evento terá lugar durante dous días aproveitando o xoves e venres ou ben en caso de ser de necesidade e contando cos relatores, en venres e sábado.

## 4. CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO

As Xornadas levaráanse a cabo durante dous días, a través de mesas de exposición onde se exporán diversos temas, acompañadas de sesións prácticas de demostración de diferentes aplicacións en software libre coa seguinte planificación proposta.

**DIA 29 de outubro de 2009**

**HORARIO DE MAÑÁ (09:30 – 13:30)**

**RELATORIO 1 : BENEFICIOS COMPETITIVOS DO SOFTWARE LIBRE NA XESTIÓN EMPRESARIAL**

- **PONENTE** Roberto Brenlla, presidente AGASOL
- **Taller "Negocio-e" 1.** Dirixido a empresarios/as, e que se centra en dar a coñecer a este colectivo as ferramentas tecnolóxicas das que dispón á hora de axilizar e facilitar o seu traballo.
- **RELATOR** Roberto Brenlla, presidente AGASOL

**HORARIO DE TARDE (16:30 – 20:30)**

**RELATORIO 2: APLICACIÓNS DO SOFTWARE LIBRE PARA A PEME ( CÓMO EMPEZAR A UTILIZAR O SOFTWARE LIBRE)**

**RELATOR:** Carlos Rodríguez, Tegnix

**RELATORIO 3: EMPRESAS E MODELOS DE NEGOCIO EN SOFTWARE LIBRE: O NOVO ECOSISTEMA EMPRESARIAL**

**RELATOR:** Óscar González Represas, Instituto Tecnolóxico Galego

- **Taller "Negocio-e" 2.** Dirixido a empresarios/as, e que se centran en dar a coñecer a este colectivo as ferramentas tecnolóxicas das que dispón á hora de axilizar e facilitar o seu traballo.

**RELATOR:** Ismael Pernas, Dygra

**DIA 30 de Outubro de 2009:**

**HORARIO DE MAÑÁ (09:30 – 13:30)**

**RELATORIO 1: A SEGURIDADE NA REDE. A PROTECCIÓN DE DATOS**

**RELATOR:** Victor Salgado, Pintos & Salgado Abogados

**RELATORIO 2 : A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPERIENCIAS**

**RELATOR:** Ivan Fociños, Hospedaxes

- **Taller de e-Administración**, a través do que se mostra aos participantes as posibilidades que Internet ofrece á hora do desenvolvemento de trámites online.

**RELATOR:** José Limeres, Boratelecom

**HORARIO DE TARDE (16:30 – 20:30).**

**RELATORIO 3: SISTEMAS DE COMERCIO ELECTRÓNICO EN ENTORNOS DE SOFTWARE LIBRE**

**RELATOR:** Marcus Fernández, Código Cero

- **Taller WEB2.0**, co obxecto de difundir as vantaxes deste tipo de webs máis interactivas e sociais.

**RELATOR:** Denis Fernández, Grupo de Usuarios GNU